



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE RECUAMENTO DA LIÑA ELÉCTRICA DA RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE DE CARBALLEDO DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Cerdedo-Cotobade o instrumento convencional arriba referido por un período que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cerdedo-Cotobade para o financiamento de obras de recuamento da liña eléctrica da residencia da terceira idade de Carballedo no Concello de Cerdedo-Cotobade, co fin de posibilitar a continuidade da construción desta e así proporcionar, a través deste equipamento para a atención á terceira idade, dunha adecuada atención ás persoas maiores que precisan deste servizo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





Que os concellos de Cerdedo e Cotobade adheríronse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio dos convenios asinados o 3.7.2006 e o 16.7.2007, respectivamente. Que segundo o Decreto 134/2016, do 22 de setembro, aprobouse a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade, sendo a entidade resultante o municipio de Cerdedo-Cotobade.

Que o Concello de Cerdedo-Cotobade está a levar a cabo a construción dunha residencia municipal para a terceira idade na parroquia de Carballedo, no Lugar de Chan, non sendo posible a continuación da obra principal sen antes acometer a actuación consistente no recuamento da liña eléctrica, cuxa necesidade foi detectada no momento no que comezaron as obras de construción, non dispoñendo o Concello de recursos propios suficientes para a a execución da referida actuación.

Considerando, pois, que o concello non dispón de recursos propios suficientes para levar a cabo a devandita actuación, consistente no recuamento da liña eléctrica da residencia municipal de Carballedo, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento desta, posibilitando así continuar coa construción da residencia, e dotando con esta construción ao Concello de Cerdedo-Cotobade dun recurso que posibilite a atención ás persoas maiores deste concello que o precisen, ofrecendo unha alternativa de convivencia que manterá ás persoas maiores dentro do seu propio entorno, e proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das obras descritas, considerando esta xerencia que, a necesidade desta actuación e o interese común de acometer as obras de recuamento da liña eléctrica na residencia da terceira idade de Carballedo, co fin de continuar coa construción da residencia, contribúen a mellorar a atención ás persoas maiores do Concello de Cerdedo-Cotobade, proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades, o que xustifica a colaboración do Consorcio no financiamento destas obras, concretándose esta colaboración co Concello no convenio para tal fin.





Considérase polo tanto idóneo o financiamento das obras de recuamento da liña eléctrica na residencia da terceira idade de Carballedo, nos termos expostos, co fin posibilitar a continuidade das obras de construción da residencia, e así acadar unha adecuada atención ás persoas maiores do Concello de Cerdedo-Cotobade, dando resposta á necesidade de dotar a este concello dun recurso desta natureza, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade desta actuación e o interese común de dotar ao Concello de Cerdedo-Cotobade dun Centro Residencial para a atención ás persoas maiores, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar alcanzará ao Concello de Cerdedo-Cotobade para a realización das actuacións descritas un importe máximo





de 133.576,14 euros, con cargo á partida 11.90.311A.7600 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

